

**XUNTA DE GOBERNO****Sesión do día 9 de setembro de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día nove de setembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32077.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de setembro 2022.

2.32078.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DAS AXUDAS ECONÓMICAS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA QUE GARANTAN O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DOMICILIARIA ANTE A SITUACIÓN DE SECA (Expte.2022055326)

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria das axudas económicas a entidades locais da provincia de Pontevedra para realizar actuacións de emerxencia que garantan o abastecemento de auga potable domiciliaria ante a situación de seca que xurde como instrumento de asistencia no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación de Pontevedra por lei (especificamente art. 36.1.b): a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión).

Estas bases e a súa convocatoria rexerán a concesión das subvencións para o financiamento daquelas actuacións de emerxencia que garantan o abastecemento de auga potable domiciliaria ante a situación de seca na provincia de Pontevedra, cuxo financiamento se realiza con fondos propios da Deputación, e que, de conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, constituirán a normativa específica destas



axudas. As bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia non competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Serán obxecto da subvención os gastos, realizados desde o 1 de agosto de 2022, ata o 31 de outubro de 2022, sempre e cando se acredite que responden a actuacións co carácter de emerxencia esixido como requisito nestas bases. En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións:

- O enchido de depósitos mediante cisternas.
- Establecemento de puntos de abastecemento mediante cisternas.
- Novas captacións de emerxencia coma pozos de barrena.
- Conexións puntuais a outras redes por emerxencia.
- Gastos derivados de bombeos extraordinarios e urxentes.
- Gastos de emerxencia das entidades beneficiarias que se realicen para axudar a comunidades de usuarios de augas ou semellantes (excluídas as axudas económicas).
- Campañas de moderación de consumos.
- Outras de natureza semellante, como eliminación de fugas puntuais no sistema de captación e distribución que poñan en risco o abastecemento de auga á poboación e que requiran obras de pouca entidade.

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2022 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Vista toda a documentación relativa ó citado plan que obra no expediente; vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación (CSV: UNYNXU8KDMHF0CPN), da Secretaria Xeral (CSV: DL0QHWQW1WWXSF26) e da Intervención Provincial (CSV :H3M2RTP7IE1QZBJW), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria das axudas económicas a entidades locais da provincia de Pontevedra para realizar actuacións de emerxencia que garantan o abastecemento de auga potable domiciliaria ante a situación de seca, financiada pola Deputación de Pontevedra cun orzamento de tres millóns (3.000.000,00€) de euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2022/942.9427.462.97, 2022/942.9427.468.97 e 2022/942.9427.463.97, para gastos correntes, e 2022/942.9427.762.97, 2022/942.9427.763.97 e 2022/942.9427.768.97, para gastos de investimentos reais, quedando condicionadas á aprobación do expediente de crédito extraordinario para dotación do financiamento correspondente.

Ditas bases figuran co CSV: 1WBY49LKHZPQFAEY.



3.32079.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022/2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA E AMPLIACIÓN DA SENDA COVICHALAREDO NO T.M. DE MONDARIZ” (Expte. 2022009932)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios, 2022 e 2023, consonte á lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (*plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...*) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 24/02/2022 por rexistro WEB2022009122 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Mondariz* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención, inicialmente por importe de 106.000,00 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora e ampliación da senda da Covicha-Laredo no T.M. de Mondariz*”, cun orzamento que, inicialmente tamén ascendía a 530.000 euros en atención a un convenio asinado polo Concello coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil o 23 de decembro de 2021.

Sen embargo, dando cumprimento ás Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, o Concello remata por presentar un proxecto técnico para unha actuación de 516.189,39 € que abrangue 493.955,86 € de execución de obra, 15.118,95 euros honorarios de redacción de proxecto, e 7.114,58€ de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde. Sinalando a súa vez que como a entidade municipal ten a obriga, a raíz do meritado convenio coa Confederación Hidrográfica, de aportar aqueles 106.000,00 €, pois que asume aportar 2.762,12 €, de modo que finalmente mediante rexistro web 2022039717 de 12/07/2022 limita a petición da subvención a cantidade de 103.237,88€, para que o importe restante ata completar a totalidade do orzamento sexa cofinanciado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Remitida esta documentación á Intervención Provincial, faise un novo requirimento ao Concello que é contestado mediante rexistro web2022046478 de data 25/08/22 achegando, entre outros documentos, un compromiso de axustar o importe do convenio ao do orzamento do investimento a través da pertinente Addenda coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, petición de Addenda que xa ten instada, polo que a solicitude do importe a subvencionar queda reflexada na seguinte táboa:

Orzamento a financiar	Subvención		Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas €
516.189,39 € (493.955,86 € execución de obra; 15.118,95 € honorarios redacción de proxecto; 7.114,58 € honorarios dirección de obra)	103.237,88 €		412.951,51 € Concello de Mondariz Confederación Hidrográfica Miño-Sil
	Anualidade 2022	40.177,09 €	
	Anualidade 2023	63.060,79 €	



Revisada a documentación, tamén se verificou que son precisas autorizacións sectoriais, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería de Medio Ambiente e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xa obtidas en datas 27/01/2022, 20/01/2022 e 26/04/2022, circunstancia, unida a falta da obtención da cesión de todos os terreos necesarios, polas cales no momento de presentar a solicitude de subvención polo que non se achegou o acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (anexo III). Sen embargo, despois, entre a documentación achegada no devandito rexistro 2022046478, consta finalmente a aprobación do proxecto e o compromiso de achegar a acta de trazado previo por ter xa a plena dispoñibilidade dos terreos.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 20/06/2022.

Remitidas as actuacións á Intervención emítese informe favorable en data 31/8/2022, coas prevencións, por unha banda de condicionar a concesión da subvención a aportación da acta de trazado previo (anexo III) antes da licitación do investimento ou, en todo caso, antes da primeira xustificación. E por outra banda, se fai fincapé en que, tal e como establecen as bases primeira e oitava, poderá financiarse a achega municipal ao convenio sempre eu os prazos de execución recollidos neste se axusten aos prazos de execución que se contemplan nas bases para os investimentos acollidos á liña 1.

Ademais, a Intervención Provincial sinala que os importes que se tiveron en conta para asinar o devandito convenio, non son os mesmos que os que figuran no proxecto, constando emporiso no expediente escrito do concello no que insta á Confederación Hidrográfica Miño-Sil a que se redacte unha addenda indicando a contía e desagregando as partidas de obra imputables a cada anualidade.

#### 1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- Consideracións xurídicas:

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 29/06/2022, e do técnico de xestión do servizo de Cooperación de data 26/08/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 31/08/2022, coas prevencións recollidas nos antecedentes xa expostos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mondariz*, CIF: P3603000E a cantidade de 103.237,88 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora e ampliación da senda da Covicha-Laredo no t.m. de Mondariz*” (Expte. 2022009932) cun orzamento polo mesmo importe que abrangue 493.955,86 € por execución de obra, 15.118,95 € por honorarios de redacción de proxecto, e 7.114,58 € por honorarios de dirección de obra, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Orzamento a financiar	Subvención		Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas €
516.189,39 € (493.955,86 € por execución de obra; 15.118,95 € honorarios redacción proxecto; 7.114,58 € honorarios dirección de obra)	103.237,88 €		412.951,51 € Concello de Mondariz e Confederación Hidrográfica Miño-Sil
	Anualidade 2022	40.177,09 €	
	Anualidade 2023	63.060,79 €	

- A concesión da subvención faise condicionada a que o concello achegue asinada, antes da licitación do investimento ou, en todo caso, antes da primeira xustificación a acta de trazado previo (anexo III), e coas prevencións recollidas nos dous últimos puntos dos antecedentes expostos.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio, no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto. Respecto á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 23/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.





- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *Concello de Mondariz* deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mondariz*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.32080.- SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 35.30624, DO DÍA 23/07/2021, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021- LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA DE FEFIÑANS”– (Expte.2021014422)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

En data 23/07/2021, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 35.30624, concedeuse ao *Concello de Cambados*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, *subvención por importe de 233.231,06 euros, con destino ao financiamento do investimento “Renovación urbana da Praza de Fefiñans”*, cun



orçamento polo mesmo importe de 233.231,06 euros, condicionada á autorización da Comisión Mixta Igrexa-Xunta e á autorización da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

En data 21/07/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2022041142, instancia do *Concello de Cambados* na que manifesta a necesidade de realizar un cambio de proxecto debido aos condicionantes impostos pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Neste contexto, o concello achega un novo proxecto aprobado, adaptado aos requisitos impostos pola Consellería, indicando a súa vez que este cambio de proxecto non supón incremento do seu orzamento nin da subvención inicialmente concedida de 233.231,06 euros.

O concello solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento se poida executar nos termos establecidos polo concello.

Fundamentos xurídicos:

Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas
- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais



**Consideracións xurídicas:****Instrución do expediente:**

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

**Petición e evacuación de informes:**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

**Resolución do expediente:**

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 28/07/2022, e da xefa do servizo de



Cooperación de data 28/07/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 30/08/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm 2021014422, no que consta o acordo da Xunta de Goberno núm. 35.30624, do día 23/07/2021 polo que se concede ao *Concello de Cambados*, CIF: P3600600E, a cantidade de 233.231,06 € con destino ao financiamento do investimento “*Renovación urbana da Praza de Fefiñans*”.
- O novo proxecto presentado non modifica o orzamento orixinal, a subvención concedida, nin altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- Non obstante, dado que o concello aporta a autorización da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a presente concesión de subvención queda condicionada soamente á resolución favorable da Comisión Mixta Igrexa-Xunta por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, sendo imprescindible que se remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- O resto do acordo da xunta de goberno núm. 35.30624, do día 23/07/2021, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

5.32081.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE CANGAS RELATIVO AO INVESTIMENTO “ADECUACIÓN DE FRENTES DO VIAL EP-1005”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021, LIÑA 1- (Expte. 2021017507)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.



En data 09/07/2021, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.30523, concedeuse ao *Concello de Cangas*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 75.000,00 €, con destino ao financiamento do investimento “*Adecuación de frentes do vial EP-1005*”, cun orzamento polo mesmo importe de 75.000,00 €.

En data 18/07/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2022040494, instancia do *Concello de Cangas* na que manifesta a necesidade de aprobar un modificado do proxecto debido a que, tal e como indica a técnica municipal, unha vez iniciada a execución da obra xurdiron imprevistos que non se tiveron en conta inicialmente, e que implican un aumento significativo nas medición efectuadas.

Neste contexto, o concello achega o proxecto modificado e a súa aprobación, adaptado a nova situación e que supón un incremento no importe inicial do orzamento pasando a ser de 89.999,99€ sen alterar o importe da subvención inicialmente concedida que importa 75.000,00 €. O importe restante de 14.999,99 € ata completar o orzamento será financiado con fondos propios do concello.

O concello solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento poida ser executado nos termos establecidos polo concello.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.



#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial , sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.  
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Base 20ª do Plan Concellos 2021 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e pola Deputación. Non obstante, só se admitirán a trámite modificados que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.
- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, entre as cales se atopa, a necesidade de modificar o contrato por circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, aillada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE excluído.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación de data 19/07/2022 e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 19/07/2022, que conclúen favorablemente a aprobación do proxecto modificado, e do informe favorable da Intervención Provincial de data 25/08/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto modificado aportado en data 18/07/2022 con rexistro WEB2022040494 do investimento denominado “*Adecuación de frentes do Vial EP-1005*” (Expte. 2021017507), do *Concello de Cangas* cun orzamento, de 89.999,99 €, sen alterar o importe da subvención inicialmente concedido de 75.000,00 € e sendo a achega municipal de 14.999,99 €.
- Ao abeiro da base vixésimo primeira do Plan Concellos 2021, o investimento deberá estar executado o 30/11/2022 e xustificado, na súa totalidade a 31/12/2022. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cangas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.32082.- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DO CONCELLO DE MEAÑO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PIREP LOCAL. (Expte. 2022026795)

Ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL (bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Corporación Provincial do 25 de marzo de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 60, de 28 de marzo de 2022), mediante acordo núm. 13.31914 de 01/07/2022, o a Xunta de Goberno da Deputación acordou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao Concello de Meaño, por importe de 6.050,00 €, co obxecto do financiamento da actuación “*Asistencia técnica para preparación de documentación de st. de subvención PIREP LOCAL*”.



- Na data 21/07/2022, “*debido á imposibilidade de xustificar a execución do obxecto da axuda concedida*”, o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro 2022017973), unha comunicación asinada polo Sr. Alcalde e a solicitude de Renuncia á subvención concedida con cargo ao programa de axudas a entidades locais de menos de 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL.
- Na data 29/07/2022 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable a aceptación da renuncia.
- Na data 31/08/2022 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.

#### Fundamentos xurídicos:

##### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da Provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.





Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14ª da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Cooperación, correspondéndolle a súa Xefa a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedencia da desistencia

- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

Rexime competencial e proposta de acordo:

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Conclusións:

Xuridicamente, a renuncia é a declaración unilateral do interesado de abandonar unha pretensión dentro dun procedemento xa iniciado configurándose como un modo anormal de terminación do mesmo.



O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

Con suxeición ao antedito, o *Concello de Meaño* presenta, en data 21/07/2022 a súa renuncia formal á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL, co obxecto do financiamento da actuación “Asistencia técnica para preparación de documentación de st. de subvención PIREP LOCAL”, debido á imposibilidade de xustificar a execución do obxecto da axuda concedida.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL) visto o informe favorable da xefa do servizo de Cooperación, de data 29/07/2022 (CSV: KJ7XRH23PWSWOWBR) e o informe da Intervención provincial, de data 31/08/2022 (CSV: O6G4KAWOAN21DJT1), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a Renuncia do *Concello de Meaño* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro da convocatoria do PIREP LOCAL, co obxecto do financiamento da actuación “*Asistencia técnica para preparación de documentación de st. de subvención PIREP LOCAL*” (Expte. 2022026795).

- Determinar a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 6.050,00€, previamente comprometido na aplicación 2022/942.9420.762.99 ao *Concello de Meaño*.

- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.

-Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Meaño*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.32083.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DO CEIP DARÍA GONZÁLEZ GARCÍA”. (Expte. 2022034932)

Resultando.- Que a crise sanitaria provocada pola COVID-19 está a provocar unha intensa perda de actividade económica mundial e un forte impacto social, sen que se poida contar de momento cun horizonte claro sobre a súa evolución.

Resultando.- Que para amortiguar o impacto desta situación sen precedentes, a Unión Europea acordou un plan de Recuperación, denominado Next Generation EU e dotado con 750.000,00 millóns de euros, que facilitará aos Estados Membros iniciar o camiño cara a saída da crise e sentará as bases para unha Europa moderna e máis sostible.

Resultando.- Que neste contexto, a Deputación de Provincial de Pontevedra elaborou un Plan estratéxico provincial de fondos europeos o cal está centrado en corrixir os desequilibrios entre territorios, nas oportunidades económicas das persoas e no acceso ós servizos, entendendo que só é posible transformar a provincia superando brechas sociais e territoriais. Por este motivo, plantéxanse iniciativas destinadas a xerar oportunidades de emprego, especialmente nos sectores máis desfavorecidos, e avanzar na ecoeficiencia e na transformación dixital.

Resultando.- Que ao obxecto de posicionarse fronte as oportunidades que se abren cos fondos europeos, establecer os eixes e proxectos prioritarios que permitan a súa captación e potenciar a estratexia de transformación na Deputación de Pontevedra, entre os programas e proxectos mencionados, a Institución Provincial aposta por levar a cabo unha mellora enerxética e dixitalización de edificacións e equipamentos provinciais entre outros edificios, na Cidade Infantil Príncipe Felipe.

Resultando.- Que previo a convocatoria de axudas, a Institución provincial tiña proxectadas varias actuacións a levar a cabo no edificio da Deputación de Pontevedra no que se atopa o CEIP Daría González García.

Resultando.- Que a fin de cumprir coa convocatoria, precisouse refundir nun único proxecto de obra todas as actuacións previstas para o CEIP Daría González García. Ademais, tendo en conta a situación actual do mercado, foi preciso levar a cabo unha actualización dos prezos recollidos nos proxectos iniciais. Destes traballos deu resultado o novo proxecto básico e de execución de mellora do CEIP Daría González García.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora do CEIP Daría González García”.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitectos D. Francisco Freire García e D. Víctor Vázquez Fernández, pertencentes á sociedade Freire y Vázquez Arquitectos, S.L.P. o proxecto de execución da obra “Mellora do CEIP Daría González García” cun orzamento base de licitación de 2.132.125,52 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZNOL7Y9LOPX40JK7.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2022, acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora do CEIP Daría González García” redactado polos arquitectos D. Francisco Freire García e D. Víctor Vázquez Fernández, pertencentes á sociedade Freire e Vázquez Arquitectos, S.L.P, cun orzamento base de licitación de 2.132.125,52 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZNOL7Y9LOPX40JK7.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adjudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 21/07/2022 emitiu informe o Secretario Xeral da Deputación, recollendo o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que con data 05/09/2022 emitiu informe a Intervención, recollendo o seguinte: “...1.- (\*) *Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obriga referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa. 2.- Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”



Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado o contrato de obras *“Mellora do CEIP Daría González García”* cun orzamento base de licitación de 2.132.125,52 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	1.762.087,21 €
IVE (21%) .....	370.038,31 €
Importe Total .....	2.132.125,52 €



2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): L7QJR2CFVQI2BE5J, e de prescricións técnicas con código (CSV) ZNOL7Y9LOPX40JK7, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 2.132.125,52 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/232.2312.632.03 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

8.32084.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9702 AS SINAS - VILANOVA, ENTRE O P.Q. 1+415 E O P.Q. 2+225 (VILANOVA DE AROUSA)” (Expte.2022039817)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, que transcorre polo *Concello de Vilanova de Arousa* e que ten unha lonxitude de 3.446 m.

Resultando.- Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 da E.P. 9702 As Sinas- Vilanova de Arousa é necesario realizar unha reestruturación para a creación dunha senda peonil na marxe dereita da estrada, co fin de permitir aos peóns unha mobilidade segura entre o centro urbano de Vilanova de Arousa e a zona de acceso a praia das Sinas. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225*”.

Resultando.- Que con data 30 de maio de 2022 asinouse entra a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa, convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P.9702 as Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 1+415 E O P.Q. 2+225*”



Resultando.- Que o citado convenio recolle que o investimento necesario para a realización das mencionadas obras financiarase pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa segundo o seguinte detalle:

	ACHEGA	%	ANUALIDADE
Deputación de Pontevedra	218.453,62 €	80	2022
Concello Vilanova de Arousa	54.613,40 €	20	2023
<b>TOTAL INVESTIMENTO</b>	<b>273.067,02 €</b>		

Resultando.- Que o citado convenio recolle que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico, dirixir executar e recibir as obras.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*”, cun orzamento base de licitación de 273.067,02 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) UYPMVI9FC7IBSUJA.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 218.453,62 € con número de operación 202200070583,, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/07/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*”, redactado polo enxeñeiro adscrito á empresa Proyestegal D. Sergio Daniel Orosa López, cun orzamento base de licitación de 273.067,02 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) UYPMVI9FC7IBSUJA.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 27/07/2022 emitíu o preceptivo informe o Secretario Xeral da Deputación recollendo o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”



Resultando.- Que con data 30/08/2022 emitiu informe a Xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: “...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos ediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluábeis mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.





Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*” cun orzamento base de licitación de 273.067,02 €, IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	225.675,22 €
IVE (21%) .....	47.391,80 €
Importe Total .....	273.067,02 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): DEI50GK0CK00TBYI, e de prescricións técnicas con código (CSV) UYPMVI9FC7IBSUJA, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 273.067,02 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

9.32085.- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE LAVANDERÍA E PLANCHADO DE ROUPA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”.  
(Expte.2022008005)

A Deputación de Pontevedra, rexistrada no *Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais* co número E-1340, dispón entre os seus recursos asistenciais dun establecemento denominado “*Cidade Infantil Príncipe Felipe*”, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. A Institución conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de centro con fogares.



Para o correcto desenvolvemento dos ditos centros con fogares, no que residen menores, é imprescindible o servizo de lavandería. Actualmente o CPF está dotado deste servizo no cal se realiza tanto a limpeza de roupa persoal dos/as usuarios como a roupa de cama e toallas das unidades de convivencia e da residencia.

A maquinaria necesaria para a realización da limpeza de roupa persoal dos/as menores é completamente diferente a necesaria para a limpeza de roupa de cama e toallas. Enténdese o concepto limpeza como todo o proceso de lavado, secado, pranchado e dobrado da roupa.

O pranchado de roupa de cama require do uso de calandras industriais e ciclos de lavado diferentes. Actualmente o CPF conta cunha calandra industrial nun estado moi deteriorado a cal se atopa no final da súa vida útil. De igual xeito, dende o Centro se está a traballar na mellora das medidas de seguridade, isto é que o funcionamento da calandra está ligado a existencia dunha máquina de vapor industrial a cal de cara ao futuro é necesario eliminala a fin de conseguir as melloras na seguridade ás que se fai referencia.

O CPF en aras de mellorar a prestación do servizo de lavandería, aforrar tempo e levar a cabo unha mellor xestión dos fondos públicos, considera necesaria a fragmentación e diferenciación do servizo de limpeza no Centro de tal xeito que, se considera óptimo que o servizo de lavandería do CPF realice a prestación do servizo de limpeza de roupa dos/as menores debido a que esta require de ciclos de lavado diferentes e especializados en función da roupa, cores, tipos de prenda, etc; e que para a prestación do servizo de lavandería da roupa de cama e toallas se contrate a unha empresa especializada do sector que conte con maquinaria industrial destinada a limpeza deste tipo de roupa. Realizados todos os trámites administrativos correspondentes coa preparación do expediente, a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 22 de xullo de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo de lavandería e planchado de roupa no CPF*” (Expte. 2022008005).

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do día 25 de agosto de 2022, observa que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que propón ao órgano de contratación que declare deserto o expediente número 2022008005 por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Declarar deserto o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada convocado para a contratación da “*Servizo de lavandaría e pranchado de roupa no CPF*” (Expte. 2022008005), por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

10.32086.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DOS SEIS LOTES DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE.  
(Expte.2020055591)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 3 de setembro do 2021, adxudicou, en seis lotes, o contrato de *Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*, de acordo ao seguinte detalle:

Lotes	Adxudicataria	Prezo sen IVE	IVE (21%)	Prezo total
Lote 1: Produtos de almacén e despensa	CASA PEPE VIGO S.L. (B-36743714)	17.212,11 €	3.614,54 €	20.826,65€
Lote 1: Produtos de almacén e despensa	CASA PEPE VIGO S.L. (B-36743714)	51.636,32 €	10.843,63 €	62.479,95€
Lote 2: Produtos lácteos	MIGUEL ANGEL VENTÍN PORTASANY (NIF:35.300.200 Y)	5.168,16 €	1.085,31 €	6.253,47€
Lote 2: Produtos lácteos	MIGUEL ANGEL VENTÍN PORTASANY (NIF:35.300.200 Y)	15.504,47 €	3.255,94 €	18.760,41€
Lote 3: Produtos conxelados	ELMAR FROZEN FOOF S.L.U. (NIF B-27849421)	12.155,80 €	2.552,72 €	14.708,52€
Lote 3: Produtos conxelados	ELMAR FROZEN FOOF S.L.U. (NIF B-27849421)	36.467,41 €	7.658,16 €	44.125,57€
Lote 4: Produtos cárnicos e embutidos	MIGUEL ANGEL VENTÍN PORTASANY (NIF:35.300.200 Y)	22.574,05 €	4.740,55 €	27.314,60€



Lote 4: Produtos cárnicos e embutidos	MIGUEL ANGEL VENTÍN PORTASANY (NIF:35.300.200 Y)	67.722,15 €	14.221,65 €	81.943,80€
Lote 5: Froitas e Verduras	FRUTAS JOFESA S.L. (B-32446981)	10.963,92 €	2.302,42 €	13.266,34€
Lote 5: Froitas e Verduras	FRUTAS JOFESA S.L. (B-32446981)	32.891,75 €	6.907,27 €	39.799,02€
Lote 6: Produtos de pastelería e panadería	INDUSTRIAS DE PANIFICACIÓN CAMPELOS DO COTO S.L. (B-36.438.083)	5.998,22 €	1.259,63 €	7.257,85€
Lote 6: Produtos de pastelería e panadería	INDUSTRIAS DE PANIFICACIÓN CAMPELOS DO COTO S.L. (B-36.438.083)	17.994,66 €	3.778,88 €	21.773,54€

De conformidade co establecido na cláusula 6 do prego administrativo, o prazo de duración dos lotes do contrato foi dun ano, contado desde a súa formalización.

A formalización dos contratos do lote 1 e 6 realizouse en data 30 de setembro de 2021, mentres que os lotes 2, 3 4 e 5 formalizáronse con data 1 de outubro de 2021., establecéndose a posibilidade de tres prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

Con data 27/07/2022 a Xefatura do Centro Príncipe Felipe, solicita a aprobación dunha prórroga dos seis lotes do contrato para a *Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*, por unha anualidade, prorrogándose os lote 1 e 6 dende o 30 de setembro de 2022 ata o 29 de setembro de 2023, e prorrogando os lotes 2, 3, 4 e 5 dende o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023; ou, en todo caso, ata que se adxudique o novo contrato cos prezos actualizados; nas mesmas condicións establecida no contrato inicial. A posibilidade de non esgotar a duración total da presente prórroga ven xustificada no informe polo seguinte:

*“Os pregos recollen que a prórroga será dunha anualidade, non obstante, atendendo as circunstancias actuais do mercado, considérase axeitado que a prórroga quede condicionada a adxudicación dun novo contrato no cal se actualicen os prezos dalgúns dos produtos ós actuais prezos de mercado e situación económica actual.*

*Neste contexto, compre sinalar que, as empresas que operan no sector do consumo e alimentación trasladan a preocupación sobre a presión inflacionista actual que, xunto con outros factores como a inestabilidade económica, os custos de enerxía ou o encarecemento de materias primas, impactan inevitable nos prezos dos produtos, e, en consecuencia provocan unha subida de prezos ao consumidor final”.*



Á vista de dita petición fórmulase preaviso ás empresas da intención de celebrar unha prórroga dos seis lotes do contrato para a *Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*, por un período dun ano nas mesmas condicións que as establecida no contrato inicial

Lotes	Adxudicataria	Número rexistro	Data posta a disposición	Data de aceptación
Lote 1: Produtos de almacén e despensa	CASA PEPE VIGO S.L. (B-36743714)	NOT2022013521	28/06/2022	29/06/2022
Lote 2: Produtos lácteos	MIGUEL ANGEL VENTÍN PORTASANY (NIF:35.300.200 Y)	NOT2022013522	28/06/2022	28/06/2022
Lote 3: Produtos conxelados	ELMAR FROZEN FOOF S.L.U. (NIF B-27849421)	NOT2022013523	28/06/2022	28/06/2022
Lote 4: Produtos cárnicos e embutidos	MIGUEL ANGEL VENTÍN PORTASANY (NIF:35.300.200 Y)	NOT2022013524	28/06/2022	28/06/2022
Lote 5: Froitas e Verduras	FRUTAS JOFESA S.L. (B-32446981)	NOT2022013525	28/06/2022	28/06/2022
Lote 6: Produtos de pastelería e panadería	INDUSTRIAS DE PANIFICACIÓN CAMPELOS DO COTO S.L. (B-36.438.083)	NOT2022013526	28/06/2022	28/06/2022

O preaviso prodúcese polo tanto, coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para as empresas.

A cláusula 6 das xerais do prego de cláusulas económico administrativas de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“a prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.”*

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención (CSV: IGAYAYZM6O003OHS), de data 30 de agosto do 2022, que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga de todos os lotes do contrato de “Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe” por unha anualidade, prorrogándose os lote 1 e 6 dende o 30 de setembro de 2022 ata o 29 de setembro de 2023, e prorrogando os lotes 2, 3, 4 e 5 dende o 1*



*de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023; ou, en todo caso, ata que se adxudique o novo contrato cos prezos actualizados de acordo co informe emitido polo servizo responsable do contrato.  
O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 30 de setembro de 2022.”.*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a prórroga do contrato de *Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*, subscrito, no lote 1, coa empresa CASA PEPE VIGO S.L. (B-36743714), no lote 2 e 4 coa empresa UTE MIGUEL ANGEL VENTÍN PORTASANY (NIF:35.300.200 Y), no lote 3 coa empresa ELMAR FROZEN FOOF S.L.U. (NIF B 27849421), no lote 5 coa empresa FRUTAS JOFESA S.L. (B-32446981) e no lote 6 coa empresa INDUSTRIAS DE PANIFICACIÓN CAMPELOS DO COTO S.L. (B-36.438.083) prorrogándose os lote 1 e 6 dende o 30 de setembro de 2022 ata o 29 de setembro de 2023, e prorrogando os lotes 2, 3, 4 e 5 dende o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023, todos nas mesmas condicións que as establecida no contrato inicial.

No entanto, esta duración da prórroga quedará condicionada á existencia dunha nova adxudicación dun contrato cos prezos adaptados ás circunstancias actuais do mercado, quedando nese momento resoltas estas prórrogas sen indemnización a favor dos contratistas nin obrigas para Deputación. O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Lote	Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria
Lote 1: Produtos de almacén e despensa	2022	20.826,65€	232.2312.221.05
Lote 1: Produtos de almacén e despensa	2023	62.479,95€	232.2312.221.05
Lote 2: Produtos lácteos	2022	6.253,47€	232.2312.221.05
Lote 2: Produtos lácteos	2023	18.760,41€	232.2312.221.05
Lote 3: Produtos conxelados	2022	14.708,52€	232.2312.221.05



Lote 3: Produtos conxelados	2023	44.125,57€	232.2312.221.05
Lote 4: Produtos cárnicos e embutidos	2022	27.314,60€	232.2312.221.05
Lote 4: Produtos cárnicos e embutidos	2023	81.943,80€	232.2312.221.05
Lote 5: Froitas e Verduras	2022	13.266,34€	232.2312.221.05 (Vinculación)
Lote 5: Froitas e Verduras	2023	39.799,02€	232.2312.221.05
Lote 6: Produtos de pastelería e panadería	2022	7.257,85€	232.2312.221.05 (Vinculación)
Lote 6: Produtos de pastelería e panadería	2023	21.773,54€	232.2312.221.05

O importe do gasto correspondente á anualidade 2023 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

11.32087.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DOS CATRO LOTES DO ACORDO MARCO QUE REXE A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DO CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS CONTRATADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. (Expte. 2018009509)

Na sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, adxudicou, por lotes, o contrato que rexe na prestación do Servizo de execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial de Pontevedra (Expte.2018009509).

O lote 1 do contrato, correspondente a Zona Norte, adxudicouse á empresa CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L. (NIF: B-15.393.689) polos seguintes prezos e valores:

- Porcentaxe ofertada de baixada lineal sobre os prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas: 34,67 %
- A empresa dispón do certificado de calidade conforme coa norma ISO 9001.
- A empresa dispón do certificado de xestión ambiental conforme coa norma ISO 14001.
- Compromiso de contratos indefinidos superior ao 50% do persoal contratado: 81,25 €.

O lote 2 do contrato, correspondente a Zona Centro, adxudicouse á empresa ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, S.A. (NIF: A-27.812.627) polos seguintes prezos e valores:

- Porcentaxe ofertada de baixada lineal sobre os prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas: 35,00 %
- A empresa dispón do certificado de calidade conforme coa norma ISO 9001
- A empresa dispón do certificado de xestión ambiental conforme coa norma ISO 14001
- Compromiso de contratos indefinidos superior ao 50% do persoal contratado: 100%.



O lote 3 do contrato, correspondente a Zona Sur, adxudicouse á empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L. (NIF: B-85.097.962) polos seguintes prezos e valores:

- a) Porcentaxe ofertada de baixada lineal sobre os prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas: 29,50 %
- b) A empresa dispón do certificado de calidade conforme coa norma ISO 9001.
- c) A empresa dispón do certificado de xestión ambiental conforme coa norma ISO 14001
- d) Compromiso de contratos indefinidos superior ao 50% do persoal contratado: 85,71 %

O lote 4 do contrato, correspondente a obras de edificación e urbanización nos edificios, adxudicouse á empresa ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, S.A. (NIF: A-27.812.627) polos seguintes prezos e valores:

- a) Porcentaxe ofertada de baixada lineal sobre os prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas: 34,00%
- b) A empresa dispón do certificado de calidade conforme coa norma ISO 9001.
- c) A empresa dispón do certificado de xestión ambiental conforme coa norma ISO 14001.
- d) Compromiso de contratos indefinidos superior ao 50% do persoal contratado: 100%.

O prazo de duración do contrato, común aos catro lotes, estableceuse nun ano, contado desde a sinatura do contrato, dispoñéndose tres prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

Os catro lotes do contrato formalizáronse en documento administrativo de data 01 de outubro de 2019, sen prexuízo da posibilidade de prórroga.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de setembro de 2020, adoptou, entre outros o acordo de aprobación da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “*Servizo de execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial de Pontevedra*”, ata o 01 de outubro de 2021.

Este mesmo órgano, en sesión ordinaria de 20 de setembro de 2021 adoptou a segunda prórroga deste contrato, que segue vixente ata o 30 de setembro de 2022.

Con data 22 de xullo de 2022 o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais e a Xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais, co conforme do Deputado Delegado, emiten informe, con CSV: SK2Y9KYAXONKM0V4, no que se solicita prorrogar os lotes 1, 2 e 3 do devandito contrato polo período dun ano, con efectos de 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023. Así mesmo, con data 25/08/2022 o Xefe da Sección de Mantemento do Servizo de Arquitectura, emite informe, con CSV: TTGENK0NTMRXN4WW, no que se solicita prorrogar o lote 4 do devandito contrato polo período dun ano, con efectos de 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023. En relación a este último, con data 31 de agosto de 2022 emítese, polo Xefe da Sección de Mantemento do Servizo de Arquitectura, informe complementario con CSV: CX560H093WFZJ0VY.





Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga dos contratos dos lotes 1, 2 e 3 en data 22 de xullo de 2022, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Tendo en conta que se remite conformidade expresa da empresa contratista para a prórroga do contrato do lote 4 en data 24 de agosto de 2022.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 31 de agosto do 2022, que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga dos lotes 1, 2, 3 e 4 do contrato do Acordo Marco para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial de Pontevedra por unha anualidade, desde o 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno.*

*O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 outubro 2022”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a terceira prórroga anual do “*Servizo de execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial de Pontevedra*” subscrito coas empresas CONTROL Y ESTUDIOS, S.L. (NIF: B-15.393.689), para o Lote 1, ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, S.A. (NIF: A-27.812.627), para os lotes 2 e 4, e EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L. (NIF: B-85.097.962), para o Lote 3, durante o período 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto, 300.000,00 € é para a toda a duración do contrato (1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023) e financiarase con cargo á/s aplicación/s correspondente/s da/s respectiva/s obra/s.

12.32088.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2022006207, POLA QUE SE CONCEDE PRÓRROGA Á EMPRESA “ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.” PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA E DOTACIÓN DE SERVIZOS DAS RÚAS 2 E 3 NA URBANIZACIÓN SANTA EULALIA NA CONTORNA DA POUSADA DE RIBADUMIA”. (Expte. 2021037023)

Con data 5 de agosto do 2022 a empresa ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., adxudicataria do contrato “*Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada de Ribadumia*” solicitou por rexistro nº WEB2022043946 unha ampliación de prazo na execución do antedito contrato de dous meses.

Con motivo de ausencia de varias/os deputadas/os durante o período estival, mediante Resolución Presidencial número 2022005764, de data 10 de agosto do 2022, acordouse a non celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno dos días 19 e 26 de agosto do 2022. Dito acordo adoptouse sen prexuízo de convocar sesións extraordinarias, ou avocar a competencia, para asuntos urxentes que non podan ser demorados.

A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á Presidenta para actuar como órgano de contratación. Dita competencia atópase delegada na base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 €.

Tendo en conta que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “... *Se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre dita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal considerárase extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegara a prórroga solicitada, ou non resolvera sobre ela.*” Neste caso, o contratista solicitou a prórroga o 5 de agosto, último mes da execución do contrato, polo que o prazo para resolver a aprobación da ampliación de prazo remata o 31 de agosto de 2022.

Tendo en conta o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias fagan conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada.



A Presidencia con data 31 de agosto de 2022 ditou a Resolución Presidencial número 2022006207 concedendo á empresa Oresa Construcción y Servicios Globales, S.L. (B36494185), unha prórroga na execución do contrato de obras “Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada de Ribadumia”, cuxo contido literal é o seguinte:

*“A Presidenta, en virtude das facultades que ten atribuídas pola normativa local vixente, dita a seguinte*  
**RESOLUCIÓN**

*A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada en data 10/12/2021 acordou adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras “Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)”, á empresa ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., por un importe total de 259.955,14€ e un prazo de execución de SEIS (6) MESES a contar dende a data de formalización da acta de comprobación do replanteo. Con data 24/01/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, suspendendo o inicio das obras, por non estar aprobado o Plan de seguridade de saúde.*

*En data 16/02/2022 formalizase acta de comprobación de replanteo positiva, establecendo nese intre como data para finalizar a obra o día 16/08/2022.*

*Con data 05/08/2022 tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación instancia do contratista, solicitando unha prórroga na execución do contrato de DOUS (2) MESES, debido a:*

- 1-A situación convulsa dos últimos meses, a nivel global, xerou escaseza de materias primas, repercutindo en retrasos na recepción de materiais.*
- 2-A folga do transporte materializada durante dúas semanas, dende o 14 de marzo dificultou a continuidade da obra, debido á ausencia fundamentalmente de formigóns, condicionando a fase de pavimentado.*
- 3-As condicións anteriormente citadas xeraron, a súa vez, unha alteración no ritmo de traballo das subcontratas, que retrasan os seus prazos de inicio na execución dos traballos.*

*Con data 25/08/2022 emitiu informe o director de obra, Carlos Luis Rosón, adscrito á empresa ADIU, S.L., conformado polo Xefe dos servizos técnicos de Infraestructuras, recollendo que “as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución a obra en 2 meses, ata o 17/10/2022”.*

*Consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor informando favorablemente a concesión da prórroga solicitada.*

*Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

*Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo de execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*



*Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: "... Se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre dita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal considerarase extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegara a prórroga solicitada, ou non resolvera sobre ela."* Neste caso, o prazo para resolver a aprobación da ampliación remata o 31 de agosto de 2022.

*Tendo en conta o disposto no artigo 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, RESOLVO:*

*Primeiro.- Avocar puntualmente as competencias delegadas na Xunta de Goberno como órgano de contratación para a aprobación da ampliación de prazo nas obras de "Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Ribadumia)", debido a que no período estival non se celebrarán Xunta de Goberno ata o 2 de setembro (RP nº 2022005764, de 10/08/2022) e dado que o acordo deberá tomarse antes do 31 de agosto tendo en conta o artigo 100.1 do RD 1098/2001.*

*Darase conta do asunto na seguinte Xunta de Goberno que se celebre.*

*Segundo.-Conceder á empresa ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.(B36494185), unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do contrato "Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)", establecendo coma data para finalizar as obras o día 17/10/2022.*

*Documento asinado electronicamente.*

*Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente."*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2022006207 de data 31 de agosto de 2022 na que se avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno para poder conceder en prazo á empresa ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B36494185), unha prórroga de dous meses para a execución do contrato "Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada de Ribadumia", establecendo coma data para finalizar as obras o día 17/10/2022.



13.32089.- COMPROMETER O GASTO ÁS ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE E ACEPTAR AS RENUNCIAS E LIBERAR O CRÉDITO (Expdes.2022014749-2022055004)

Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo (nº 3.31569) de aprobación das bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, do proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do Plan de fomento da empregabilidade, publicadas no BOPPO Nº 74 do 19 de abril de 2021. O punto 3 da base segunda establece que “*O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun ano e os contratos deberán comezar o 1 de xuño de 2022 ou na data que se estableza no acordo de concesión*”.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de outorgamento da condición de entidades colaboradoras do citado proxecto (nº 24.31785), que foi publicado no BOPPO número 102 do luns día 30 de maio de 2022. No mesmo, acórdase, ademais, “*Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2410.489.00 polo importe total de 613.200,00€ para cada un dos concellos que figuran como entidades colaboradoras seleccionadas e na contía que se relaciona no Anexo I. Así mesmo, autorizar o gasto por un importe de 613.200,00€ na aplicación, que será no seu caso, 23/240.2410.489.00 quedando condicionada á aprobación do orzamento do exercicio 2023.*”

O citado órgano, na súa sesión ordinaria do día 3 de xuño de 2022, acordou unha corrección de erros (acordo nº 28.31815) e, posteriormente, na súa sesión ordinaria de 1 de xullo 2022 acordou (nº 26.31927), entre outros, modificar o citado acordo de concesión (nº 24.31785) e a rectificación do mesmo (nº 28.31815), no seguinte sentido: *O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun ano e os contratos deberán comezar o 1 de xullo de 2022 ou o 15 de xullo de 2022.*

O punto décimo sétimo das bases reguladoras do proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do Plan de fomento da empregabilidade establece que “*A xustificación da subvención efectuarase en dúas fases (...)*” e que para a xustificación de inicio e a solicitude de pago anticipado “*A entidade colaboradora deberá presentar nun máximo de 15 días naturais desde a data de ao inicio do contrato a documentación xustificativa (...)*” de acordo coas bases.

Transcorrido o prazo de presentación da documentación establecida no punto décimo sétimo das bases reguladoras tanto para os contratos iniciados o 1 de xullo de 2022 coma para os iniciados o 15 de xullo de 2022 resulta que:

- Dos 36 concellos participantes como entidades colaboradoras, 3 presentaron a súa renuncia á subvención sen formalizar ningún contrato formativo (Agolada, As Neves e Valga).



- Os 33 concellos restantes, participantes como entidades colaboradoras, comunicaron segundo o establecido nas bases a formalización dun total de 73 contratos formativos cumprindo os requisitos esixidos nas bases dos 86 iniciais solicitados, renunciando polo tanto aos 13 restantes.

Visto o informe-proposta do Xefe de servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, de data 30 de agosto de 2022, no que conclúe que “(...) unba vez iniciadas ás contratacións e xustificadas as mesmas polas entidades colaboradoras e comprobado que cumpren os requisitos esixidos nas bases, procede comprometer o gasto para ás entidades colaboradoras e para cada un dos contratos na contía que se relaciona no Anexo I.

*Tamén, en consecuencia, procede a liberación do gasto das entidades que presentaron a súa renuncia a tódolos contratos formativos ou a parte deles tal e como se indica nos Anexos II e II”*

Vista a dilixencia de fiscalización e conforme de intervención en relación ao informe proposta do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 1 de setembro de 2022.

Por todo o exposto, de acordo cos antecedentes e aos fundamentos de dereito e a súa motivación razoada e de conformidade co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais lexislación concordante de aplicación e nas bases reguladora e convocatoria, en réxime de concorrència non competitiva, para o proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do Plan de fomento da empregabilidade, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2410.489.00 polo importe total de 519.000,00€ para cada un dos concellos que figuran como entidades colaboradoras seleccionadas e na contía que se relaciona no Anexo I. Así mesmo, comprometer o gasto por un importe de 519.000,00€ na aplicación, que será no seu caso, 23/240.2410.489.00 quedando condicionada á aprobación do orzamento do exercicio 2023, segundo o citado Anexo.

2.- Aceptar as 3 renuncias presentadas polas entidades colaboradoras para a totalidade dos contratos que se lle concederan e que se relacionan no anexo II, e liberar o gasto pola cantidade total de 28.800,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2410.489.00 e 28.800,00€, con cargo á aplicación orzamentaria, que será no seu caso 23/240.2410.489.00 estando condicionada á aprobación do orzamento do exercicio 2023.

3.- Aceptar as renuncias presentadas polas entidades colaboradoras para os contratos formativos e polos cantidades que se indican no Anexo III e proceder a súa liberación de crédito, por un importe total de 65.400,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2410.489.00 e 65.400,00 con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2410.489.00 estando condicionada á aprobación do orzamento do exercicio 2023.

4.- Publicar o acordo no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.



Ditos anexos son como seguen:

**ANEXO I**  
**RELACIÓN DE CONCELLOS E IMPORTES COMPROMETIDOS**  
**OR CONTRATO FORMATIVO**

Nº	CIF	Concello	Nº prazas solicitadas	Nivel de estudos	Duración	Max anualidade 2022	Max anualidade 2023
1	P3600200D	Barro	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
2	P3600400J	Bueu	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
3	P3600400J	Bueu	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
4	P3600500G	Caldas de Reis	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
5	P3600600E	Cambados	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
6	P3600800A	Cangas	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
7	P3600800A	Cangas	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
8	P3600800A	Cangas	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
9	P3600800A	Cangas	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
10	P3600900I	Cañiza, A	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
11	P3600900I	Cañiza, A	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
12	P3601000G	Catoira	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
13	P3601000G	Catoira	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
14	P3601300A	Covelo	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
15	P3601500F	Cuntis	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
16	P3601800J	Forcarei	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
17	P3602300J	Guarda, A	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
18	P3602300J	Guarda, A	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €



19	P8600004I	Illa de Arousa, A	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
20	P8600004I	Illa de Arousa, A	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
21	P3602600C	Marín	1	Ciclo medio de formación profesional	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
22	P3602600C	Marín	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
23	P3602600C	Marín	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
24	P3602700A	Meaño	1	Ciclo medio de formación profesional	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
25	P3602700A	Meaño	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
26	P3602800I	Meis	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
27	P3602900G	Moaña	1	Ciclo medio de formación profesional	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
28	P3602900G	Moaña	1	Ciclo medio de formación profesional	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
29	P3602900G	Moaña	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
30	P3602900G	Moaña	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
31	P3603100C	Mondariz Balneario	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
32	P3603200A	Moraña	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
33	P3603200A	Moraña	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
34	P3603500D	Nigrán	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
35	P3603500D	Nigrán	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
36	P3603500D	Nigrán	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
37	P3603500D	Nigrán	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
38	P3604800G	O Rosal	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
39	P3604800G	O Rosal	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
40	P3604200J	Ponteareas	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
41	P3603900F	Porriño	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
42	P3603900F	Porriño	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €





43	P3603900F	Porriño	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
44	P3603900F	Porriño	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
45	P3604500C	Redondela	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
46	P3604500C	Redondela	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
47	P3604500C	Redondela	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
48	P3604600A	Ribadumia	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
49	P3604600A	Ribadumia	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
50	P3604700I	Rodeiro	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
51	P3605100A	Sanxenxo	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
52	P3605100A	Sanxenxo	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
53	P3605100A	Sanxenxo	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
54	P3605100A	Sanxenxo	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
55	P3605200I	Silleda	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
56	P3605200I	Silleda	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
57	P3605300G	Soutomaior	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
58	P3605400E	Tomiño	1	Ciclo medio de formación profesional	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
59	P3605400E	Tomiño	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
60	P3605400E	Tomiño	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
61	P3605400E	Tomiño	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
62	P3605500B	Tui	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
63	P3605500B	Tui	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
64	P3605900D	Vila de Cruces	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
65	P3605900D	Vila de Cruces	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
66	P3606000B	Vilagarcía de Arousa	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €



67	P3606000B	Vilagarcía de Arousa	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
68	P3606000B	Vilagarcía de Arousa	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
69	P3606000B	Vilagarcía de Arousa	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
70	P3606100J	Vilanova de Arousa	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
71	P3606100J	Vilanova de Arousa	1	Ciclo superior de formación profesional	1 ano máximo	6.600,00 €	6.600,00 €
72	P3606100J	Vilanova de Arousa	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
73	P3606100J	Vilanova de Arousa	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00 €
Total						519.000,00 €	519.000,00 €

ANEXO II  
RELACIÓN DE CONCELLOS QUE RENUNCIAN Á TOTALIDADE DA SUBVENIÓN E  
IMPORTES A LIBERAR POR CONTRATO FORMATIVO

Nº	CIF	Concello	Nº prazas solicitadas	Nivel de estudos	IMPORTE	Max anualidade 2022	Max anualidade 2023
1	P3602000F	Agolada	1	Ciclo medio de formación profesional	900,00€/mes	5.400,00 €	5.400,00 €
2	P3603400G	Neves, as	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	7.800,00 €	7.800,00 €
3	P3605600J	Valga	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	7.800,00 €	7.800,00 €
4	P3605600J	Valga	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	7.800,00 €	7.800,00 €
Total						28.800,00 €	28.800,00 €



**ANEXO III**  
**RELACIÓN DE CONCELLOS QUE RENUNCIAN A ALGÚN DOS CONTRATOS  
 FORMATIVOS É IMPORTES A LIBERAR POR CADA UN DELES.**

Nº	CIF	Concello	Nº prazas solicitadas	Nivel de estudos	Importe	Max anualidade 2022	Max anualidade 2023
1	P3600400J	Bueu	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	7.800,00 €	7.800,00 €
2	P3600500G	Caldas de Reis	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	7.800,00 €	7.800,00 €
3	P3600600E	Cambados	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	6.600,00 €	6.600,00 €
4	P3600600E	Cambados	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	6.600,00 €	6.600,00 €
5	P3600600E	Cambados	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	7.800,00 €	7.800,00 €
6	P3601800J	Forcarei	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	7.800,00 €	7.800,00 €
7	P3602600C	Marín	1	Licenciatura, grado o diplomatura	1.300,00€/mes	7.800,00 €	7.800,00 €
8	P3604500C	Redondela	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	6.600,00 €	6.600,00 €
9	P3605300G	Soutomaior	1	Ciclo superior de formación profesional	1.100,00€/mes	6.600,00 €	6.600,00 €
Total						65.400,00€	65.400,00€

**14.32090.- REPARTO DE AXUDAS A “CONFRARÍAS DE PESCADORES FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”, PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2022 (Expte. 2022004415)**

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2022, número de acordo 5.31494, aprobou as Bases *Reguladoras das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra*, cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€), e foron publicadas no BOPPO número 69 do 8 de abril de 2022.

A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función de que o gasto das solicitudes seá subvencionable, previa fiscalización do Servizo de Intervención, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente.



Unha vez finalizado o prazo de solicitudes, e de acordo con estas bases, con código seguro de verificación (CSV): 2L782X6QX6DAY4UJ, formuláronse dezanove solicitudes.

Examinadas e valoradas a totalidade das solicitudes, compróbase que que algúns expedientes inclúen elementos non subvencionables, polo que, procedese o axuste dos importes para adecualos os requisitos esixidos na convocatoria para as citadas axudas, quedando o importe total a repartir na cantidade de 248.493,28 €.

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 21/07/2022, de Intervención do 28/07/2022, e a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras do ano 2022, por importe total de douscentos corenta e oito mil catrocentos noventa e tres euros con vinte e oito céntimos (248.493,28 €) con cargo á aplicación 22/410.4150.789.02 do vixente Orzamento Provincial. Dita cantidade resulta da relación que se achega na proposta de acordo con CSV: ZUBPI6OCZF4MC30D que se aproba no presente acto.

#### 15.32091.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022056944, que contén 11 facturas e por un importe de 115,386,87 € e con CSV: 2A7MTVID687MRQYP, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 01/09/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	114.116,77 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	1.270,10 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	115,386,87 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



16.32092.- SUBSTITUCIÓN DA MEMORIA NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 30/04/2021 (Nº 6.30243), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021- LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS”, POR CAMBIO DA MEMORIA (Expte.2021007367)

En data 30/04/2021, mediante acordo da xunta de goberno núm. 6.30243, concedeuse ao *concello de Ponteareas*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 67.998,76 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Adquisición de vehículos*” (expte.2021007367), en base a un orzamento polo mesmo importe.

En data 19/08/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2022045756, instancia xenérica do *Concello de Ponteareas* que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido.

En data 22/08/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB202204569, a resolución da alcaldía núm. 2022-1719 de data 22/08/2022, que aproba o novo documento técnico e solicita a súa tramitación.

Da documentación infírese que, concedida a subvención, o *Concello* procedeu á elaboración do expediente de licitación correspondente. Publicado dúas veces na plataforma de contratación do sector público (PLACE) a través do procedemento aberto simplificado, ambos procedementos son declarados desertos por non recibir ningunha oferta para ditas licitacións.

Tal circunstancia e tendo en conta o incremento dos prezos de mercado, así como, os problemas de subministración de material, o *Concello* procedeu a modificación da memoria *ut supra* para a cal obtivo unha subvención polo importe de 67.998,76 euros a través do Plan Concellos 2021, mantendo a natureza e a finalidade orixinaria da subministración, respectando o importe do orzamento inicial e axustado o mesmo ao número de unidades do concepto :“Furgón mixto de 5 prazas”, que pasa de 2 unidades a 1 unidade, o resto do documento técnico permanece invariable. Neste contexto, o *Concello* solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento se poida executar nos termos establecido polo *Concello*.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### Consideracións Xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.



#### Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.  
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 23/08/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 23/08/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 30/08/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.30243, do día 30/04/2021, polo que se concedeu ao *Concello de Pontearreas*, CIF: P3604200J, a cantidade de 67.998,76 euros con destino ao financiamento do investimento “*Adquisición de vehículos*” (Expte.2021007367), no sentido de substituír o documento técnico que figura no expediente polo achegado en data 22/08/2022 con número de rexistro WEB202204569.
- O novo documento técnico no supón incremento de custe nin da subvención a cargo da Deputación de Pontevedra que permanece invariable.
- O novo documento técnico presentado non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin prexudica dereitos de terceiros.



- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 6.30243, do día 30/04/2021, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontearreas*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

17.32093.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

18.32094.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

